

**NOTA DE PRENSA 042/23
21 DE XUÑO DE 2023**

**PRESENTACIÓN DA NOVA FP DUAL DE AUTOMOCIÓN ESPECIALIZADA EN
MECÁNICA DE COMPETICIÓN**

O CIFP As Mercedes acolleu este mércores 21 de xuño a presentación da nova FP Dual en Automoción especializada en mecánica de Competición, unha formación precursora e única na educación pública en España.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda; o conselleiro de Educación, Román Rodríguez e o presidente da Federación Galega de Automobilismo, Antonio Rodríguez Troitiño, presentaron os detalles dunha formación pública única a nivel nacional e que será referencia na modalidade e que convertirá a autonomía nun referente na formación deste tipo a nivel nacional.

O centro de formación galego foi protagonista da xornada, que contou coa presenza de Sergio Vallejo, José Alonso Liste, César Díaz, Iago Rodríguez e a unidade de Daniel Berdomás, nunha xornada de festa para o automobilismo galego.

En total serán 22 prazas nesta primeira promoción que abrirá o prazo de inscrición o día 23 de xuño e pechará o 5 de xullo, nunha FP Dual que terá a colaboración dos principais equipos de competición galegos e de Castela e León.